



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa Alcalde Juan Seijas s/n 15175 Carral (A Coruña)

881880446

ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/>

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



Data de aprobación polo Consello Escolar:

28/06/24

Data de revisión:

Carral, 29 de xuño 2024

Asinado dixitalmente á marxe.



## Índice

1. INTRODUCCIÓN	2
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	3
3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES	3
4. OBXECTIVOS	6
5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	9
<b>5.1. Atención xeral</b>	9
<b>5.2. Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo</b>	10
6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS	28
7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO	32
8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CENTROS ADSCRITOS	36
9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS DO CENTRO	40
10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	42
11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN	43
ANEXOS	45



## 1. INTRODUCCIÓN

A *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei 3/2020, do 29 de decembro*, establece no seu art. 121 que o Proxecto Educativo (PE) deberá ter en conta as características do contorno social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o Plan de Convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais. Isto implica a necesidade de proporcionar unha educación axustada ás necesidades de todo o alumnado, tendo en conta a diversidade de intereses, características e situación persoais.

Segundo a *Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE*, a Atención á Diversidade defínese como o *"conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado"*.

Desde esta perspectiva, entendemos por diversidade non só as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas ás que poden atribuírse: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, senón tamén as diferenzas entre as distintas familias, os seus intereses e preocupacións en relación á educación dos seus fillos/as, na que será fundamental a participación e implicación das mesmas.

A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Na etapa de Educación Infantil (EI) a atención á diversidade constituirá a pauta común de acción educativa do profesorado e demais profesionais da educación, que adaptarán ás concrecións do currículo a súa práctica educativa baseándose no DUA, e de acordo coas características desta etapa e coas necesidades colectivas e individuais do seu alumnado (art. 19, *Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil*).

Na Educación Primaria (EP) poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e favorecer a promoción do alumnado. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes



poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo (art. 20, *Decreto 155/2022, polo que se establece o currículo da Educación Primaria*).

O Plan Xeral de Atención a Diversidade (PXAD) constitúe o documento no que se articula a atención á diversidade. Nel concretaranse as actuacións e medidas de atención á diversidade que o noso centro educativo deseñou e desenvolverá para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado, abarcando todas as etapas educativas (art. 10 do *Decreto 229/2011*).

## 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

A atención á diversidade deriva, principalmente, da constatación de que os axentes do proceso de ensinanza-aprendizaxe son distintos: xa que non só o alumnado presenta distintos estilos de aprendizaxe, intereses, capacidades e motivacións se non que tamén os docentes empreguen diferentes estilos de ensinanza e metodoloxías para ensinar. Articúlase en forma dun continuo de medidas, desde as máis globais (por exemplo, a adecuación do currículo ao centro) ás máis contextualizadas no marco concreto da clase e que supoñen un axuste pedagóxico adaptado ás características do alumnado.

O CEIPP Vicente Otero Valcárcel está situado no concello de Carral, unha vila semiurbana na área de influencia da cidade de A Coruña. O centro conta coas etapas de Educación Infantil e Primaria. No centro hai escolarizado alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE) que require, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar NEE, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, por altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar. Ademais, de maneira constante durante os cursos escolares, se escolariza alumnado procedente do estranxeiro (con ou sen necesidades educativas específicas), aos que se lles intenta prestar a debida atención para favorecer a súa integración no centro, seguindo as pautas establecidas no "Plan de Acollida do alumnado procedente do estranxeiro".

## 3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Un dos pasos fundamentais á hora de elaborar calquera documento do centro, especialmente para atender á diversidade, é partir das necesidades reais, de forma que a partir desa identificación de necesidades se poida dar unha resposta axeitada ás mesmas. Na táboa seguinte, reflectimos a tipoloxía do alumnado diagnosticado NEAE presente no centro:



Táboa 1. Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE).

ALUMANDO NEAE		
Clasificación LOMLOE		Alumnado no centro
<b>Necesidades educativas especiais (NEE)</b>	Discapacidade sensorial	
	Discapacidade física	X
	Discapacidade psíquica	X
	Trastornos graves de conduta	X
	TEA	X
	Plurideficiencias	X
<b>TDAH</b>	Déficit de atención e/ou hiperactividade	X
<b>Altas capacidades</b>	Sobredotación	X
	Talentosos	
<b>Incorporación tardía ao sistema educativo</b>	Incorporación tardía	X
<b>Dificultades específicas de aprendizaxe (DEA)</b>	Trastorno de lectura e/ou escritura e/ou cálculo (dislexia, disgrafía, discalculia...)	X
<b>Dificultades psicolingüísticas</b>	Retraso na adquisición da linguaxe	X
	Afasia	
	Disfasia	
	Dislalia	X
	Disartria	
	Disglosia	
	Mutismo selectivo	X



	Retraso madurativo	X
	Descoñecemento da lingua de instrución	X
<b>Condicións persoais ou de historia escolar</b>	Minoría étnicas	X
	Familias itinerantes	
	Ambiente desfavorecido ou marxinal	X
	Atención hospitalaria	
	Atención domiciliaria	

Partindo da análise do contexto educativo, identifícanse catro ámbitos principais de necesidades:

#### **Necesidades relativas ao alumnado:**

- Fomento da autonomía persoal e a asunción de responsabilidades segundo as posibilidades de cada quen.
- Mellorar a baixa comprensión lectora, excesivo número de faltas de ortografía e atallar as dificultades na resolución de problemas.
- Adaptación ás normas sociais.
- Creación de hábitos positivos de alimentación, saúde, deporte...
- Procurar de técnicas para manter a atención, identificar as ideas principais, reter e organizar a información, simbolizar e abstraer...

#### **Necesidades relativas ao profesorado:**

- Asesoramento en canto a medidas de atención á diversidade.
- Implicación ao profesorado nas actividades promovidas polo DO, e calquera outro ámbito de sensibilización, prevención e atención ao respecto.
- Delimitación clara de responsabilidades en canto á atención á diversidade.
- Formación continua debido á cantidade de cambios lexislativos.

#### **Necesidades relativas ao centro e o contorno:**

- Maior participación na planificación educativa.
- Falta de recursos para ofrecer unha atención á diversidade de calidade.



- Traballo de forma coordinado cos centros e servizos do contorno (IES ao que estamos adscritos, EOE, Servizos Sociais e sanitarios...).

#### **Necesidades relativas ás familias:**

- Dinamización da implicación das familias nas actividades levadas a cabo desde o centro e o DO.
- Asesoramento en canto ao tipo de educación que se está levando a cabo cos seus fillos/as no centro, coa finalidade de establecer pautas de actuación comúns.
- Información, desde o inicio do curso, das distintas competencias e funcións do persoal do centro.

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e axeitada resposta educativa constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

A avaliación inicial será o factor preventivo por excelencia na atención a diversidade, en xeral, e na atención á diversidade ao alumnado con NEAE en particular. Ao principios de cada curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial e individual ao seu alumnado para coñecer a situación de partida e o nivel de competencia curricular en cada materia. Esta avaliación deberá ser ampliada cando se trate de alumnos con NEE co fin de adecuar o currículo e poder programar as adaptacións curriculares e deseñar as accións educativas e reforzos co axuste preciso ao seu nivel de coñecementos.

## **4. OBXECTIVOS**

Os **obxectivos xerais** que nos propoñemos lograr co PXAD son os seguintes:

- Adecuar o desenvolvemento da acción educativa á diversidade e posibilitar o acceso ao currículo de todo o alumando.
- Poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumno/a.
- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
- Establecer as medidas e pautas a seguir no centro para a atención das necesidades educativas.
- Desenvolver medidas e actuacións organizativas e curriculares para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.





- Optimizar e organizar os recursos persoais e materiais do centro para dar resposta educativa ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con NEAE.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- Promover a implicación das familias do alumnado no pro-ceso educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando sexa preciso, coa correspondente autorización.

Os **obxectivos específicos** estableceranse en relación a catro grupos:

### **Alumnado:**

- Valorar as necesidades educativas do alumnado e do seu contexto e desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Poñer en marcha programas de prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Facilitar axudas para o aprendizaxe, por medio do deseño de programas de reforzo educativo e/ou adaptacións curriculares.
- Deseñar estratexias para favorecer a aprendizaxe da lectura e da escritura.
- Desenvolver as medidas de atención á diversidade previstas na lexislación vixente, en caso necesario, para atender ás necesidades do alumnado.
- Deseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, desde as exploracións psicopedagóxicas (grupais e individuais) ata os apoios, os reforzos educativos, programas para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, etc.
- Deseñar respostas educativas para o alumnado con NEAE.
- Propoñer actividades para lograr a aceptación das diferenzas individuais.
- Impulsar o desenvolvemento persoal do alumnado: autonomía e asunción de responsabilidades.
- Potenciar capacidades que lles permitan un mellor coñecemento de si mesmos e a asunción dos éxitos e dos fracasos.
- Fomentar hábitos de estudo e traballo.
- Deseñar actividades, e plan de acción, para fomentar as habilidades sociais, que incidan na resolución de conflitos de forma pacífica e positiva.
- Desenvolver a conciencia moral e social.



**Profesorado:**

- Asesorar e ofrecer recursos ao profesorado sobre as medidas de atención á diversidade.
- Asesorar e orientar ao profesorado na planificación de actividades de apoio e reforzo, criterios metodolóxicos, avaliación..., e todo aquilo referido á atención a diversidade.
- Informar e asesorar sobre o tipo de estratexias aconsellables para un mellor coñecemento das características individuais do alumnado.
- Facilitar criterios de organización da aula e agrupamentos buscando a flexibilidade e a integración dos nenos/as nos distintos grupos.
- Dinamizar a coordinación das actuacións das persoas titoras, profesorado de apoio... para a resposta ás necesidades do alumnado.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos das técnicas de traballo intelectual, hábitos de estudo, habilidades sociais, dinámicas de grupos..., a través de proxectos de formación en centro.

**Centro e entorno:**

- Recoller as suxestións da CCP no tratamento da diversidade.
- Colaborar na elaboración da Programación Xeral Anual, especialmente nos aspectos que teñen que ver coa orientación educativa e a atención á diversidade.
- Fomentar o emprego de programas de innovación educativa, referidos a traballo intelectual, habilidades sociais, traballo en equipo, dinámica de grupos...
- Participar na elaboración das concrecións curriculares do centro, incidindo nas medidas de carácter organizativo e pedagóxico para a atención do alumnado con NEAE.
- Diseñar programas de prevención de dificultades escolares e facilitar a integración do novo alumnado.
- Garantir a coordinación entre os diferentes DO da zona co fin de que o paso do alumnado polos distintos niveis e etapas sexa o máis coherente posible.
- Coordinarse con outras institucións (Servizos Sociais, Saúde Mental Infanto-Xuvenil, ONG, voluntariado,...) que permitan unha mellora da atención que reciben os nenos e nenas dentro da escola.
- Buscar asesoramento e colaboración dos equipos de orientación específicos (EOE), e doutros servizos externos de apoio.
- Colaborar para que se produzan intercambios de experiencias entre centros.



- Solicitar asesoramento dos especialistas de formación e recursos para promover a innovación educativa.

### **Familias:**

- Desenvolver unha canle de comunicación fluída e construtiva entre o centro e as familias do alumnado para procurar a súa participación e colaboración no centro e nas medidas a levar a cabo cos menores, implicándoas na labor educativa.
- Asesorar ás persoas proxenitoras e/ou titoras legais sobre o proceso educativo dos menores.
- Facilitar a relación entre familia e persoas titoras, para ter un mellor coñecemento das necesidades do alumnado e poder levar a cabo unha actuación previsoras ou correctoras efectiva dos problemas de aprendizaxe ou de conduta que poidan xurdir.
- Diseñar programas para o tratamento de problemas puntuais: hábitos e técnicas de estudo, problemas condutuais, desinterese e desmotivación polo estudo...

## **5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **5.1. Atención xeral**

Segundo o *Decreto 229/2011* (art. 7) *"enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado"*.

Como norma xeral, o profesorado adaptará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que se pode traducir nunha flexibilidade metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Inclúese, polo tanto, a necesidade de exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos de reforzo ou ampliación, encomenda de certas responsabilidades, necesidade de ser posto frecuentemente en situación de éxito, etc. En síntese, trátase de que a cada alumno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando ao seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións é preciso que o profesorado coñeza a situación persoal de cada alumno/a: os datos evolutivos e de saúde máis relevantes, o estilo e ritmo de aprendizaxe de cada quen, que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno e cada nena que facilite o seu achegamento ao currículo, que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula



e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula, etc., sendo fundamental que a persoa titora estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado (equipo docente).

Ademais, debemos ter en conta os seguintes **indicadores para incorporar as medidas de atención á diversidade nas programacións**:

- Considerarase o elemento básico para incorporar medidas de atención á diversidade a propia programación das áreas, en tanto que supón unha concreción do currículo establecido.
- As programacións deben incorporar os seguintes elementos:
  - Concreción dos criterios de avaliación para superar cada área.
  - Elaboración de criterios de cualificación e de promoción.
  - Indicación dos procesos para a realización de adaptacións curriculares.
  - Decisións sobre as actividades de recuperación, reforzo e apoio.
- O DO colaborará coas a persoas titoras na prevención e detección das dificultades de aprendizaxe, a través das seguintes actuacións:
  - Avaliación inicial, así como participación na avaliación psicopedagóxica.
  - Deseño e planificación de actividades necesarias para o alumnado con adaptacións curriculares, de apoio e reforzo.

## 5.2. Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo

As medidas de atención á diversidade clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no PXAD e nas concrecións anuais de dito plan. Entre as medidas que podemos levar a cabo están:

### **MEDIDAS ORDINARIAS**

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade *“todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteracións significativas dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas”* (art. 7, Decreto 229/2011).



Entre as **medidas ordinarias** de atención a diversidade que poderán desenvolverse no noso centro figuran:

**1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.**

Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios: normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia. No que respecta aos espazos, destacar as seguintes actuacións:

- Creación de ambientes acolledores, estimulantes, cómodos e personalizados.
- Organización flexible da aula.
- Axuda ao acceso do alumnado aos diferentes espazos e instalacións.

**2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.**

**3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión (traballo por recunchos, grupos interactivos, Aprendizaxe Servizo, centros de interese...).**

**4. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.**

Estas actuacións teñen por obxecto dar resposta aos requirimentos de determinado alumnado con NEAE en relación a algunhas áreas. Fundamentaranse nas indicacións e informes do DO, e a familia será informada de tales medidas.

**5. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.**

Posibilidade de contemplar a habilitación de espazos para a reflexión e traballo para aqueles alumnos/as que interrompen de forma reiterada a clase co obxecto de que reflexionen sobre as súas accións, sempre e cando se considere que esta medida é a máis oportuna en cada caso.

**6. Desdobramentos de grupos.**

Poderase desdobrar grupos de alumnos para a realización de determinadas actividades có obxecto de facilitar aos nenos e nenas unha atención individualizada e traballar en maior profundidade determinados contidos como practicar a expresión oral en inglés, realizar experimentos ou prácticas. A programación será a mesma para os dous grupos e é imprescindible unha estreita coordinación entre o profesorado. Na formación dos grupos evitarase calquera clasificación dos alumnos e alumnas polo seus coñecementos, nivel intelectual, competencia curricular ou rendemento. Estará a cargo do profesorado con



dispoñibilidade horaria, debendo contar, se é o caso, coa especialidade requirida para impartir a área na EI e EP ou desenvolver docencia na etapa de EI. Para levar a cabo os desdobres non se precisará da autorización de Inspección Educativa.

## 7. Reforzo educativo.

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta aos elementos non prescritivos do currículo (secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos de alumando e metodoloxía), tal como se define na *Orde do 8 de setembro de 2021*, pola que se desenvolve o *Decreto 229/2011*. Dito reforzo realizarase do seguinte xeito:

- Estará dirixido ao alumnado que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poidan seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe.
- Será elaborado pola persoa docente que imparte a área na que o alumno ou alumna necesita reforzo, co coñecemento da persoa titora, que o comunicará ao equipo directivo e á familia do alumnado.
- Será desenvolvido no contexto ordinario, polo docente de área, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Poderá contar coa colaboración de profesorado ordinario con dispoñibilidade horaria ou, se é o caso, do profesorado de PT ou AL. Unicamente este reforzo será con apoio dun mestre de PT ou AL, se así o aconsella o informe psicopedagóxico realizado polo Xefatura do DO ou se ese mestre/a ten dispoñibilidade horaria. Neste caso, os especialistas de PT e AL participarán na avaliación dos aspectos relacionados coa súa atención. Esta colaboración non poderá substituír a labor do profesorado da área.
- Ao remate do curso o profesorado responsable do reforzo elaborará un informe individualizado do mesmo segundo o modelo incluído como Anexo 6 do PXAD.
- Esta medida quedará reflectida no expediente académico como *reforzo educativo*. Serán recollidas no informe correspondente ás familias e non terán constancia nos documentos de escolaridade. Para efectos de avaliación, seguiranse os criterios individuais establecidos previamente. Para a promoción o referente serán os obxectivos de nivel e/ou etapa establecidos no PE.
- Igualmente, solicitarase o compromiso de colaboración da familia.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o



proceso educativo (art. 21.3, do *Decreto 155/2022*). Reforzaranse as áreas instrumentais básicas (linguaxe oral, lectura, razoamento, cálculo...), hábitos de traballo e técnicas de traballo ou estudo.

## 8. Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Esta medida supón o traballo conxunto na aula dun mestre ou mestra do centro con dispoñibilidade horaria co docente adscrito á área ou a persoa titora do grupo, colaborando en todas ou algunhas actividades. Con carácter xeral, poderá ser destinatario desta medida todo o alumnado con NEAE, se ben aquel que presente NEE será obxecto de atención preferentemente por profesorado especialista de PT e/ou de AL.

O docente da área será o responsable da planificación do proceso de aprendizaxe e do seguimento e avaliación do alumnado. Esta tarefa será desenvolta preferentemente por profesorado da mesma etapa do nivel no que se leva a cabo e, con carácter prioritario, nas áreas de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.

No deseño destes apoios, seguiranse os mesmos criterios prioritarios que se recollen no apartado de medidas extraordinarias referidas á organización do apoio especializado. Igualmente, serán criterios a considerar na distribución deste profesorado os seguintes:

- Presenza de alumnado NEAE, se ese grupo non pode contar con apoio especializado.
- Número de alumnos/as do grupo.
- Presenza de alumnado repetidor.
- Dificultades de aprendizaxe na lectura e escritura (principalmente en 1º e 2º de EP).
- Presenza de nenas e nenos que promocionaron sen acadar avaliación positiva nalgunha área.

Asemade, e só cando as necesidades do centro esixan á atención a varios alumnos ou alumnas con dificultades semellantes e/ou cando o beneficio do apoio externo sexa maior, o apoio poderá facerse fóra da aula. Isto esixirá un acordo entre todo o persoal implicado así como a correspondente información á familia.

En canto ao apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, ao inicio de curso a Xefatura de Estudos, reunirse coa persoa orientadora de cara a unha mellor organización dos apoios. Esta medida será revisada ao inicio de cada trimestre para realizar os axustes necesarios, organizar os apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria en función das necesidades detectadas ao longo do trimestre e reflectidas nas sesións de avaliación do alumnado. Os apoios favoreceranse en función das necesidades do alumnado e tendo en conta os criterios establecidos no PXAD. Igualmente será preciso, a constatación da posta



en práctica doutras medidas ordinarias, así como a realización da correspondente valoración e informe xustificativo por parte da persoa orientadora.

### **9. Programas colectivos de estimulación da linguaxe e prevención de dislalias.**

Destinados a EI, especialmente aos últimos cursos do mesmo, cuxa programación, desenvolvemento e avaliación estará a cargo da persoa titora coa colaboración da especialista en AL. Estes programas poderanse levar a cabo naqueles grupos onde sexan detectados varios alumnos ou alumnas con dificultades da linguaxe e se considere conveniente unha intervención a nivel grupal, sempre e cando o profesorado de AL dispoña de horario para o seu efecto.

### **10. Programas de enriquecemento curricular.**

Destinados ao alumnado con altas capacidades intelectuais, sobre todo aos talentosos ou de altas capacidades con avaliación psicopedagóxica do DO que así o determine, que non foi obxecto de flexibilización. O seu desenvolvemento estará a cargo do profesorado que imparta clase á alumna ou alumno co asesoramento dos servizos de Orientación.

Os programas de enriquecemento curricular baséanse na individualización da ensinanza e consisten no tratamento personalizado do alumnado que presenta altas capacidades intelectuais, promovendo e desenvolvendo os distintos talentos, dando resposta ás inxedanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifieste o devandito alumnado, tentando de manter o seu nivel de motivación. Estes programas deberán desenvolverse dentro da aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso no que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais. Trátase, polo tanto de deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo-clase, tendo así a vantaxe evidente de non producir consecuencias negativas na súa socialización.

Nos programas de enriquecemento curricular o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden. Van dirixidos fundamentalmente ao eido procedimental e non supoñen modificacións dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ou estándares de aprendizaxe. Abranguen aspectos tales como: a mellora cognitiva, o desenvolvemento da creatividade, o desenvolvemento metacognitivo, a ampliación e profundización da información e a optimización de hábitos e de estratexias de resolución aplicadas ás distintas áreas de traballo.

### **11. Programas de habilidades sociais.**

Poden ser tres os tipos de programas en habilidades sociais a realizar:





- Un programa básico de habilidades sociais, que formará parte do Plan de Acción Titorial, e que terá carácter máis preventivo e dirixido a todo o alumnado.
- Un programa de habilidades sociais para o alumnado que incorra en condutas contrarias á convivencia reiteradamente (elaborado polo DO co apoio e as achegas da CCP, e levado a cabo polas persoas titoras).
- Un programa de habilidades sociais para o alumnado sancionado coa suspensión do dereito de asistencia ao centro (elaborado polo DO).

A elaboración destes dous últimos programas están recollidos no art. 19 da *Lei 4/2011 do 30 de xuño de Convivencia e participación da comunidade educativa*, que indica que como complemento das medidas correctoras previstas, o DO de cada centro docente elaborará un programa de habilidades sociais, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Estes programas aplicaranse en colaboración coa persoa titora, e de ser o caso, cos Servizos Sociais, e procurarán implicar ao resto do profesorado e as familias para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

## **12. Plan específico de reforzo para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.**

De conformidade co art. 24 *Orde do 26 de maio de 2023, que desenvolve o D. 155/2022, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Primaria*, e se regula a avaliación nesta etapa, a permanencia dun alumno ou alumna un ano máis no curso considérase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender ao desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe dun alumno ou alumna, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Esta decisión só poderase adoptarse unha vez durante a etapa, oídos as persoas proxenitoras ou titores legais da alumna ou alumno.

Esta medida de permanencia un ano máis no mesmo curso deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida superar as dificultades que levaron a esa repetición. O Plan incluírá unha serie de actuacións con este alumnado, co obxectivo de incrementar o éxito escolar actuando sobre as variables que



incidiron negativamente no seu rendemento. Formará parte da programación do curso e será elaborada e desenvolta polo equipo docente que recibe ao alumno ou alumna, baixo a coordinación da persoa titora e co asesoramento, se é o caso, da persoa orientadora. O Plan específico de reforzo desenvolverase no marco da aula ordinaria.

O modelo a cumprimentar no noso centro encóntrase dentro dos anexos do Plan de Orientación, e inclúe o seguinte:

- a) Identificación da alumna ou do alumno:
  - Nome e apelidos.
  - Data de nacemento.
  - Etapa, nivel e grupo.
  - A persoa titora.
- b) Necesidades educativas que motivaron a permanencia un ano máis no curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior:
  - Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumno/a.
  - Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
  - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
  - Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
  - Aulas de atención educativa e convivencia.
  - Reforzo educativo.
  - Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
  - Outras (indicar cales).
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no desenvolvemento do Plan.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do Plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.



En cada sesión de avaliación farase o seguimento do Plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaranse os axustes que procedan. Ao final de curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

Son todas aquelas medidas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con NEAE que poidan requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario.

Será necesaria a autorización da Dirección do centro educativo, do servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e contando co informe xustificativo do correspondente servizo de orientación.

Como posibles **medidas extraordinarias** de atención a diversidade que poderán desenvolverse no noso centro figuran:

### **1. Apoio do profesorado de PT e/ou AL**

É o apoio temporal dun mestre/a especialista en PT e/ou en AL dentro ou fóra da aula ordinaria que ten como destinatarios alumnos/as con NEAE. Para que se produza este tipo de atención será necesario que así o aconselle o informe ou a avaliación psicopedagóxica realizada pola persoa orientadora.

Na *Orde 8 de setembro de 2021*, estableceuse que a intervención profesional do profesorado especialista en PT e do especialista en AL débese entender como un recurso dirixido especialmente ao alumnado con NEE, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda a outro alumnado con NEAE. A atención docente directa por parte deste profesorado especialista realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea.

Da atención excepcional fóra da aula á que se refire o parágrafo anterior, exclúense os apoios do profesorado de AL que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Nese caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.



O profesorado de apoio terá autonomía, dentro da organización xeral do mesmo, para distribuír e optimizar os seus recursos (humanos, materiais e organizativos). Ao remate do curso, o profesorado de apoio elaborará un informe relativo ao apoio realizado que se incluírá no expediente do alumno ou da alumna. Tomando como referencia estes informes finais o profesorado de apoio elaborará unha memoria que entregará á Xefatura do DO para incluír, como anexo, na memoria anual dese departamento.

## 2. Adaptacións curriculares

Enténdese como as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis, para atender as necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais. Unha vez esgotadas as medidas ordinarias, recorreremos á adaptación curricular. Para a súa elaboración seguirase o seguinte protocolo de actuación (*Orde do 8 de setembro de 2021*):

1. Solicitud a ao DO da avaliación psicopedagóxica pertinente, coa emisión do informe correspondente.
2. Reunión coordinada pola Xefatura de Estudos á que asistirán a persoa titora, o profesorado que imparta as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación e a persoa orientadora que informa dos resultados da avaliación. Nesta reunión, á vista do informe, decidírase a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados.
3. Elaborarase a adaptación do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas, segundo a normativa vixente.
4. Unha vez elaborada, a Dirección enviará a proposta á Inspección, antes do 31 de outubro.
5. Inspección remitirá ao centro escolar un informe ao respecto da súa autorización.

O deseño e desenvolvemento da adaptación curricular será responsabilidade do docente da área/ obxecto de adaptación, co asesoramento, se é preciso, do DO. Levarase a cabo no contexto educativo ordinario, agás en casos excepcionais, e sempre menos de 1/3 da xornada escolar. As intervencións específicas dos docentes de PT ou AL, na aula ordinaria ou fóra dela, serán propostas e deseñadas polo DO en colaboración coa persoa titora. A Xefatura de Estudos coordinará estas actuacións.

A duración da AC poderá ser dun curso ou dun ciclo. Realízase, con carácter xeral, na educación básica obrigatoria, polo que no noso caso só se efectuarán en EP e non se contemplarán en EI.



Cando un alumno ou alumna supere unha AC nalgunha área e continúe con algunha área con AC sen superar, haberá que realizar unha nova AC nas materias superadas, se procede, e revisar as AC que seguen sen superar para valorar se continúan vixentes ou se modifican parcialmente. No caso de que a modificación da AC das áreas non superadas sexa significativa precisárase nova autorización da Inspección Educativa.

O alumno ou a alumna promocionará ao curso seguinte de acordo cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados establecidos na AC. A adaptación curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación e no informe ás familias. Antes de realizar unha AC será conveniente aplicar outras medidas de atención á diversidade menos extraordinarias (entre elas, a repetición de curso, aínda que non é preceptivo).

Os **contidos que deben figurar nunha AC** son:

- a) **Datos persoais** (nome a apelidos, data e lugar de nacemento, etapa e curso de escolarización, currículo de referencia e currículo adaptado, período de tempo para o que se propón a AC).
- b) **Datos físicos e de saúde** (características do desenvolvemento e datos médicos relevantes).
- c) **Datos psicosociais** (desenvolvemento cognitivo, trazos da personalidade, intereses manifestados, nivel de adaptación persoal e interacción social).
- d) **Datos do contorno socio familiar** (estrutura familiar, lingua habitual da familia, características da dinámica familiar, expectativas familiares sobre a alumna ou o alumno, pautas educativas, valores e normas no seo familiar, relación e cooperación co centro educativo).
- e) **Datos do contorno escolar** (organización do centro e da aula, colaboración e participación dos distintos servizos educativo).
- f) **Datos pedagóxicos:**
  - f.1. Aspectos relevantes da escolarización.
  - f.2. Currículo de referencia.
  - f.3. Competencias xa adquiridas.
  - f.4. Necesidades educativas respecto das capacidades establecidas no currículo de referencia.
  - f.5. Preferencia de aprendizaxe.
  - f.6. Estratexias de aprendizaxe.



- f.7. Grao de motivación e intereses educativos.
- f.8. Pertinencia de realizar unha adaptación curricular e medidas de atención á diversidade aplicadas.
- f.9. Período de tempo para o que se propón a AC.
- f.10. Áreas para adaptar.
- f.11. Recursos para empregar.
- f.12. Seguimento e avaliación da AC.
- f.13. Criterios para a promoción.
- g) Acreditación da información á familia.**
- h) Profesionais participantes** (Dirección, Xefatura de Estudos, profesorado das materias adaptadas, Xefatura DO, profesorado apoio).
- i) Proposta concreta das áreas adaptadas.**

As **adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical** para alumnado con altas capacidades intelectuais consisten en aumentar a cantidade de contidos nunha ou varias áreas. Inclúe:

- *As adaptacións curriculares de ampliación*, implican unha ampliación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Poden ampliarse e introducirse outros correspondentes a cursos posteriores. Esta medida, porén, non supón un cambio de curso do alumnado, senón que se levará a cabo dentro do grupo ordinario que lle corresponde por idade.
- *As adaptacións curriculares de ampliación con cambio parcial de grupo*. O alumno/a con sobredotación pode cursar unha ou varias áreas cun grupo ordinario dun nivel inmediatamente superior. Estas medidas están dirixidas a aquel alumnado que destaca especialmente nalguna área na que xa teñen acadados os obxectivos propios do seu curso, sempre que a organización do centro así o permita.
- *Adaptacións curriculares de ampliación con incorporación a grupos específicos de apoio*. Supón a incorporación do alumnado a grupos de diferente nivel de competencia curricular durante algunhas horas á semana, o que lle permitirá traballar en grupos reducidos determinados programas, materias ou actividades que supoñan unha ampliación do currículo ordinario, sempre e cando a súa existencia sexa viable dentro da organización do centro.

### 3. Agrupamentos flexibles



Poderán constituírse, con carácter temporal, agrupamentos flexibles como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas, nas que necesita unha atención máis individualizada, xa que oferta de medidas de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino aprendizaxe. Estes agrupamentos só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos de EP e será a Dirección do centro docente quen solicite á Inspección Educativa, durante o mes de setembro, a autorización do agrupamento flexible (art. 56 da *Orde 8 de setembro de 2021*).

O alumnado derivado a un grupo flexible pertencerá, para todos os efectos, a un mesmo nivel educativo, e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Esta medida ten un carácter reversible, xa que a súa finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao seu grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles poderán realizarse, prioritariamente, nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas, e o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área. Unha mesma alumna ou un mesmo alumno poderá derivarse a máis dun grupo flexible, sempre que non supere, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario.

O número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de 8 alumnos ou alumnas.

A proposta de conformación dun agrupamento flexible realizarase de acordo ao disposto no artigo 56.6 da *Orde do 8 de setembro de 2021*.

#### **4. Flexibilización do período de escolarización**

Tendo en conta o establecido no art. 58 da *Orde 8 de setembro de 2021*, o procedemento para levar a cabo a flexibilización é o seguinte:

##### **Educación infantil:**

- A escolarización en EI poderá, excepcionalmente, aumentarse en un ano en función das NEE do alumnado.
- Poderá reducirse nesta etapa un ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado.
- En ningún caso se poderá permanecer en educación infantil máis alá do ano natural en que se cumpran os 7 anos de idade nin comezar a EP antes do ano natural en que se cumpran os 5 anos.
- Cando en EI se opte pola permanencia dun alumno/a con NEE un ano máis no primeiro ciclo, a súa incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo, aínda que non se axuste ás condicións de idade requiridas con carácter xeral. Este alumnado



poderá optar á reserva de prazas establecida con carácter xeral para o alumnado con NEAE que se escolariza no primeiro curso do segundo ciclo de EI.

### **Educación primaria**

- A escolarización en EP poderá, excepcionalmente, aumentarse en nun ano en función das NEE do alumnado.
- Poderá reducirse nesta etapa en un ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado.
- En ningún caso se poderá permanecer en EP máis alá do ano natural en que se cumpran os 15 anos de idade nin comezar a educación secundaria antes do ano natural en que se cumpran os 10 anos.

A medida de flexibilización do período de escolarización tomarase unha vez esgotadas todas as medidas ordinarias e/ou de adaptación curricular.

### ***Procedemento para a solicitude no caso de alumnado con NEE***

Segundo o art. 58.5 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, establécese o seguinte procedemento para se acoller á flexibilización por ampliación do período de escolarización:

- Para que os alumnos/as con NEE poidan acollerse ás flexibilizacións, tramitárase solicitude na aplicación [www.edu.xunta.es/aneae](http://www.edu.xunta.es/aneae) vía online.
- Esta acompañarase da seguinte **documentación**:
  - a) Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo DO.
  - b) Conformidade expresa das persoas proxenitoras ou titores legais do alumno ou alumna.
  - c) Fotocopia compulsada do expediente académico.
  - d) Proposta de adaptación do currículo

Tanto por iniciativa da Inspección Educativa, como pola da Dirección Xeral, poderase requirir ao EOE correspondente a elaboración dun informe complementario ao respecto.

O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización será o mes de abril. A Xefatura Territorial trasladaranas á Dirección Xeral antes do 31 de maio, acompañándoas dos informes correspondentes. A resolución correspondente comunicarase ao centro antes do 31 de xullo para o seu traslado ao interesado.

Con carácter xeral, calquera medida de flexibilización consignarase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en todos os documentos de avaliación do alumno ou alumna que en cada caso correspondan.

### ***Procedemento de solicitude no caso de alumnado con sobredotación***





No artigo 58.3 da *Orde de 8 de setembro de 2021*, establécese o procedemento para se acoller á flexibilización por redución do período de escolarización:

- A sobredotación debe ser acreditada mediante avaliación psicopedagóxica.
- A decisión de reducir o período de escolarización irá acompañada de medidas curriculares para que non se limite a un simple adiamento de curso.
- Informarase ao alumno ou alumna e proxenitores ou titores legais. Estes últimos deberán dar a conformidade por escrito.
- O alumnado con sobredotación intelectual será escolarizado en centros ordinarios.
- As adaptacións curriculares promoverán o desenvolvemento de capacidades establecidas nos obxectivos xerais da educación obrigatoria.
- A decisión de reducir o período de escolarización así como as medidas curriculares que a acompañen estarán suxeitas a un proceso continuado de avaliación, podendo anularse tal decisión cando o alumno non alcance os obxectivos propostos. Esta anulación terá tamén carácter reversible.
- Poderá anticiparse un ano a escolarización no primeiro curso de EP unha vez acreditada a sobredotación, se se prevé que dita medida é a máis axeitada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización, e que globalmente ten adquiridos os obxectivos de EI.
- Poderá reducirse un ano a escolarización en EP unha vez acreditada a sobredotación, e se prevexa que dita medida é a máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización, e que globalmente ten adquiridos os obxectivos do nivel que lle corresponde cursar.
- Aconsellarase unha adaptación curricular de ampliación dentro do curso que lle corresponda por idade cando, realizada a avaliación psicopedagóxica, se comprobe que o alumno ou alumna obtén un rendemento excepcional nun número limitado de áreas ou cando, aínda obtendo un rendemento global alto, se detectara desequilibrio co ámbito afectivo e de inserción social.

Tal como reflicte a citada Orde, haberá que **establecer medidas curriculares**:

- A adaptación curricular para un alumno/a con sobredotación pode referirse ao enriquecemento de obxectivos e contidos, flexibilización de criterios de avaliación, metodoloxía con modificación de actividades, materiais e secuencia de contidos.
- Desde os primeiros niveis de escolarización e durante a educación obrigatoria o alumno/a con sobredotación poderá seguir medidas de enriquecemento.



- A adaptación do currículo poderá considerar que se curse no nivel inmediatamente superior unha ou varias materias, cando se valore que o rendemento nelas é alto e ten adquiridos os obxectivos do nivel que lle corresponde cursar.
- Poderanse utilizar fórmulas flexibles de organización grupal que faciliten a incorporación deste alumnado a grupos de diferente nivel de competencia curricular ao que lle corresponde por idade.
- A avaliación naquelas materias obxecto de adaptacións curriculares efectuarase tomando como referencia os obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxes avaliáveis fixados para eles/elas.

O **procedemento de solicitude** contempla:

1. Solicitude da Dirección á Xefatura de Orientación de avaliación psicopedagóxica do alumno ou alumna, a instancia do contorno familiar ou escolar e coa conformidade dos proxenitores ou titores legais.
2. Elaboración das medidas de adaptación curricular.
3. Informe da Inspección Educativa sobre a idoneidade ou non da proposta de flexibilización e das medidas de adaptación curricular que a acompañan.
4. O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización será o mes de abril.
5. A Xefatura Territorial trasladará á Dirección Xeral de Educación antes do 31 de maio, acompañándoa do informe correspondente.
6. A resolución comunicarase ao centro antes do 31 de xullo para o seu traslado ao interesado.

A medida de flexibilización consignarase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en todos os documentos do menor que en cada caso correspondan.

## **5. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo**

### **a) Atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria**

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un



período prolongado de tempo. En todo caso, priorizarase a atención ao alumnado das etapas de ensino obrigatorio.

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalguna das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de 30 días.
- b) Media hospitalización: entre 15 e 30 días.
- c) Curta hospitalización: menos de 15 días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas e lúdicas de carácter xeral.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses. En todo caso contarase co informe médico pertinente. Para a súa solicitude seguirase o procedemento marcado no *Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria* da Consellería. A autorización da atención educativa domiciliaria correspóndelle á Xefatura Territorial.

#### **b) Alumnado sometido a medidas de protección e tutela**

A Consellería desenvolverá accións de carácter compensatorio destinadas ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela, asegurando o seu acceso e permanencia no sistema educativo. Na súa atención, propiciará a subscrición de convenios de colaboración e protocolos de actuación con outras administracións ou entidades sen ánimo de lucro, co fin de garantir o cumprimento destas medidas.

A escolarización do alumnado sometido a medidas de protección e tutela realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral; este alumnado será considerado como alumnado con NEAE por condicións persoais ou de historia escolar. Os centros docentes deben adoptar as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo.

A Consellería garantirlle ao alumnado asignado a familias acolledoras unha praza escolar no centro educativo en que se escolarice outro alumnado dependente desas mesmas familias, fillas ou fillos ou outro alumnado acollido, sempre que no centro se impartan as ensinanzas que lle corresponde cursar.



Cando as medidas de protección e tutela supoñan un cambio de centro escolar, a súa tramitación e resolución levarase a cabo con carácter urgente.

**c) Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar**

A Consellería asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, os centros educativos prestarán atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado.

Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantirase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

**d) Alumnado pertencente a familias itinerantes**

Será destinatario desta atención aquel alumnado que, por razóns de itinerancia da súa familia, non poida asistir ao mesmo centro educativo de xeito continuado.

A Consellería facilitará a escolarización deste alumnado nos centros do contorno onde itinere a súa familia ou representantes legais, nas condicións establecidas con carácter xeral para todo o alumnado e coas medidas de atención á diversidade que procedan, co fin de garantir a continuidade do seu proceso de aprendizaxe. O cambio, por razóns de itinerancia, dun centro educativo ao outro realizarase segundo o establecido para os traslados de centro, polo que o centro de orixe deberá facilitar ao centro de destino, logo de petición deste, a información pertinente.

**e) Alumnado con grave risco de abandono escolar, desmotivado ou derivado dun medio social ou cultural desfavorecido**

Para este tipo de alumnado as **medidas** que se propoñen son, entre outras:

- Respostas educativas a través do PE, Concrecións Curriculares e Programacións de Aula adaptadas ás súas características.
- Concreción de accións encamiñadas ao fomento da convivencia, establecendo medidas concretas para erradicar o absentismo escolar e fomentar a implicación familiar no mesmo, a través do Plan de Convivencia e o Protocolo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar do centro, e as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.
- Medidas de reforzo educativo e apoio. De resultar estas medidas insuficientes, poderanse realizar adaptacións curriculares de carácter temporal que fosen necesarias.



- Medidas de flexibilidade nas Programacións de Aula e organización de grupos. Procurarase que o profesorado de ditos alumnos/as reúna os requisitos de formación e cualificación específica.
- Resposta educativa ao alumnado con NEE de carácter temporal derivadas de situacións de grave inadaptación escolar.

A resposta ao alumnado con problemas de inadaptación escolar desenvolverase, na medida do posible, no contexto da aula e centro a través das medidas de adaptación do currículo, reforzo educativo e das accións titoriais e de orientación persoal que se consideren oportunas, así como colaborando con instancias externas ao centro que leven o seu tratamento. A resposta a este alumnado coordinarase cos servizos de carácter sociocomunitario, incluídos o EOE, UACO e os servizos de Saúde Mental Infanto-Xuvenil.

## 6. Escolarización combinada

Segundo o *Decreto 229/2011* (art. 16.) e a *Orde do 8 de setembro de 2021* que o desenvolve, sinálase en relación a esta modalidade de escolarización:

- É destinatario desta modalidade de escolarización o alumnado con NEE que estea escolarizado nun centro ordinario e requira de recursos específicos non dispoñibles, podendo escolarizarse a tempo parcial nunha aula ou centro específico de educación especial.
- Así mesmo, o alumnado escolarizado nun centro específico de educación especial poderá combinar a súa escolarización nun centro ordinario co obxecto de promover a súa normalización escolar.
- O procedemento para o inicio da escolarización combinada inclúe:
  1. Realización de avaliación psicopedagóxica.
  2. Redacción do ditame de escolarización pola persoa orientadora do centro educativo no que se atope escolarizado o menor acompañado dunha declaración escrita feita polos pais ou tutores legais na que se fará constar a súa valoración da proposta de escolarización.
  3. Presentación pola Dirección do centro da solicitude na Xefatura Territorial acompañada da documentación referida, que a resolverá oportunamente logo dos informes que procedan.
- No caso das escolarizacións combinadas entre un centro ordinario e un Centro de Educación Especial, o alumnado pertencerá, para efectos académicos e administrativos, ao centro educativo que se determine na resolución da Xefatura Territorial correspondente.



- O profesorado de ambos os centros coordinarase no proceso de planificación, atención e avaliación deste alumnado.
- A persoa titora do alumno pertencerá ao centro no que estea matriculado, e corresponderalle a coordinación das atencións educativas que se proporcionen nos dous centros, co apoio dos departamentos de orientación.
- A escolarización estará sometida a un proceso de revisión periódica por parte da Xefatura do DO correspondente, que será trimestral en EI e, cando menos, anual nas demais ensinanzas.
- A proposta de revisión de escolarización poderase iniciar por calquera dos dous centros ou a instancia dos pais ou titores legais.
- Se é o caso, a Dirección solicitará o cambio de modalidade de escolarización á Xefatura Territorial correspondente, quen resolverá. Esta solicitude irá acompañada da mesma documentación referida para o procedemento de inicio da escolarización combinada.

## 6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Os criterios para organizar e distribuír os recursos e aplicar as medidas propostas serán os seguintes:

### Medidas ordinarias

O reforzo educativo será proporcionado pola persoa titora no seu grupo, ou de ser o caso polo profesorado especialista de área, que deseñará e aplicará para aqueles alumnos e alumnas que teñen certas dificultades para conseguir os obxectivos e contidos das diferentes áreas.

O profesorado con dispoñibilidade horaria poderá ocuparse tamén do alumnado con necesidade de reforzo educativo, previo consenso entre a persoa titora, o DO e a Xefatura de Estudos. A persoa titora será a encargada de informar deste reforzo educativo ás familias.

### Medidas extraordinarias

#### *Criterios para a utilización e organización do profesorado de apoio*

A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de apoio será realizada pola Xefatura do DO. O profesorado de PT e AL xunto coa persoa orientadora e de acordo coa persoa titora, establecerán o horario de atención ao alumnado NEAE así como as distintas modalidades.

Partindo da base dunha correcta atención á diversidade na totalidade do alumnado, os criterios de prioridade de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) son:



1. Alumnado que presente necesidades educativas especiais (NEE).
2. Alumnado con adaptación curricular (AC).
3. O alumnado que presente NEAE por retraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e comunicación, e por trastornos de atención ou de aprendizaxe.
4. Alumnado con descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe e alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo con descoñecemento das linguas oficiais e/ou desfase curricular.
5. Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural que requira dunha atención educativa diferente á ordinaria.
6. Alumnado con altas capacidades intelectuais.
7. Casos de non promoción, atendendo en primeiro lugar a aqueles que presentan maiores dificultades na consecución das competencias e obxectivos de etapa, tendo en conta que as persoas titoras destes alumnos/as teñen que elaborar e aplicar para eles un Plan específico de recuperación.

Debemos ter en conta ademais *outras orientacións sobre medidas organizativas e apoios*:

- Os apoios en EI só son rendibles na 2ª e na 4ª sesións, debido ao sistema de organización de traballo nesta etapa (assemblea, merenda), polo que serán as sesións prioritarias para seleccionar os apoios de PT e AL.
- Distribuiremos as sesións de apoio ao longo da semana de maneira equilibrada. Propiciarase que os apoios sexan o máis estables posibles tendo en conta as características de cada caso, tanto no referente aos profesionais participantes como á temporalización dos mesmos.
- Procurarase que o número de profesionais que incidan nun aula-grupo sexa o menor posible para facilitar a coordinación dos mesmos.

### ***Critérios pedagóxicos para a elaboración dos horarios de apoio***

Para a elaboración de horarios contemplarase, en primeiro lugar, a distribución horaria das especialidades. O alumnado con NEAE manterase dentro da aula nestas áreas por razóns de socialización:

- a) Distribuiranse as sesións de apoio, procurando non aglutinalas seguidas, senón ao longo da semana, e nas sesións de apoio dentro da aula as persoas titoras deberá acomodar o horario á área que se vai reforzar segundo o programa de actuación (Linguas ou Matemáticas).



- b) A cantidade de horas de apoio virá determinada pola necesidade educativa do alumno/a (maior necesidade, máis sesións de apoio).

O apoio do profesorado de PT e AL irá dirixido a todos o alumnado de NEAE de Primaria e Infantil. Levarase a cabo a través dunha serie de programas que terán como finalidade desenvolver as capacidades claves do alumnado para unha mellor adquisición das técnicas instrumentais e desta forma influír positivamente no desenvolvemento do seu proceso educativo.

Será decisión do DO (especialmente do profesorado especialista implicado e persoa orientadora) a retirada das horas de apoio.

A atención ao alumnado con NEAE deberá contar cunha dotación adecuada de material e de profesorado especialista (PT, AL). En liñas xerais, o profesorado de PT traballará os obxectivos referidos a potenciar a autoestima do alumnado, desenvolver a capacidade de comunicación, adquirir e afianzar hábitos de conduta e sobre todo reforzar o proceso de aprendizaxe así como seguir os informes individualizados destes menores e colaborar coas persoas titoras e persoa orientadora para a realización de ACS e so seu seguimento. O traballo do profesorado especialista de AL centrarase na linguaxe oral e comunicación, nas habilidades intelectuais (atención, memoria e razoamento), nas técnicas instrumentais (lectura e escritura) e tamén nos hábitos de traballo e autonomía.

As demandas ao DO, faranse unha vez esgotadas as medidas levadas a cabo polo titor/a na aula como: cambios na situación do menor na aula; nos aspectos metodolóxicos; realización de traballos en pequenos grupos; axuda entre iguais; aplicación de grupos colaborativos, suprimir, simplificar e secuenciar actividades; atención e explicacións individualizadas...

No DO determinarase a prioridade das demandas en función das características e particularidades de cada caso, así como a medida máis axeitada. Os casos que se priorizarán, serán en función dos resultados da avaliación psicopedagóxica. En todo caso, tratarase de dar resposta a todas as demandas de xeito funcional, tendo en conta o seguinte:

- Cada un dos alumnos propostos para intervención do PT/AL, deberá dispoñer dun informe individualizado do DO ou do EOE que, ademais da avaliación, estableza con claridade e precisión a intervención adecuada ao seu perfil.
- Os casos que xa veñan sendo atendidos do curso anterior, continuarán recibindo atención mentres non se decida o cese da mesma por parte d a persoa titora e/ou o especialista implicado e/ou a Xefatura do DO.
- Os novos casos incorporaranse tendo en conta a prioridade dos que presentan NEAE de carácter grave e permanente sobre os máis leves ou temporais.





- A atención farase preferentemente na aula ordinaria. En casos determinados farase fóra da aula tendo en conta a lexislación vixente e o recollido no informe psicopedagóxico.
- A ratio xeral será de 5 alumnos/sesión por PT, aínda que dependerá dos casos concretos de NEE. Respecto da ratio da AL, deberá ser informada e motivada en cada caso polo DO ou EOE.
- A organización da atención será aberta a cambios, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso, ben porque superen as dificultades ou pola incorporación de novos casos que prioricen a atención. Aplicaranse procedementos para avaliar a súa reversibilidade ao longo do curso.

### ***Procedemento de incorporación dun menor a un programa de apoio***

Os pasos a seguir serán os que a continuación se indican:

1. Detección: ao comezo da súa estadía no centro, todo o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial, tanto en EI como EP. Naqueles casos nos que se detecten posibles necesidades educativas, o DO levará a cabo as accións de avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico, que culminará coa elaboración dun informe psicopedagóxico.
2. Completar a folla de derivación no caso de observarse dificultades.
3. Entrega da folla de derivación a persoa orientadora para solicitar a valoración do alumno/a. Esta proposta poderá facerse en calquera momento do curso académico e será realizada pola persoa titora ou pola familia.
4. A persoa titora, e se é o caso, a persoa orientadora cita á familia para unha entrevista inicial, e solicita por escrito autorización de intervención do DO.
5. A persoa orientadora, xunto co profesorado titor, valorará as necesidades do alumno/a, redactando un informe, e comunicarán, en caso de ser necesario, a decisión de intervención do profesorado especialista en PT e/ou AL aos proxenitores ou titores legais e á Xefatura de Estudos e a Dirección.
6. Unha vez realizada a comunicación, a persoa orientadora e o profesorado de apoio, xunto co resto do profesorado implicado, establecerán as estratexias máis eficaces que se deberán aplicar.
7. Avaliación e seguimento do programa de intervención.

### ***Criterios para a organización do persoal auxiliar coidador***

Atenderá ao alumnado con discapacidade para favorecer a autonomía nos diferentes espazos do centro educativo, para acompañar nas saídas educativas, así como favorecer a adaptación ao centro, o control de esfínteres e a participación, na medida do posible, nas rutinas de aula.



O horario de atención e a proposta de apoio ao alumnado será elaborado pola persoa orientadora en coordinación coa persoa titora de dito alumnado. A proposta será elevada á Xefatura de Estudos para a súa aprobación.

## 7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

*A atención á diversidade do alumnado, ordinaria e específica, é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Todos e todas debemos estar implicados, aportando a nosa visión e capacitación profesional, na planificación, organización e posta en práctica das medidas que se propoñan cada curso.*

As actuacións dos diversos profesionais en relación ás medidas de atención son:

### **Equipo directivo:**

- A organización do centro para a adecuada utilización e o aproveitamento dos recursos materiais e a optimización do rendemento dos recursos persoais dos que dispón para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado en xeral e, en particular, daquel con NEAE.
- Adecuar a estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos...) para dar resposta ás necesidades do alumnado.
- Promover e impulsar a atención á diversidade, garantindo o adecuado desenvolvemento tanto das medidas e actuacións de carácter preceptivo que figuran na normativa como das recollidas no PXAD e nos demais documentos do PE e de desenvolvemento curricular, xestión, organización, funcionamento e na PXA.
- Manter sesións periódicas de coordinación co Xefe/a do DO.

### **Profesorado:**

- Reforzar a acción titorial, entendida como a planificación de actuacións para cada unha das etapas educativas, cón fin de posibilitar a adecuada resposta ao alumnado a nivel académico, persoal e social.
- Desenvolver as medidas e actuacións de ámbito curricular, relacional e organizativo para favorecer a convivencia que se recollen no Plan de Convivencia.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación das accións que se levan a cabo no centro en relación ao alumnado.
- Elaborar os informes que correspondan do alumnado obxecto das medidas de atención á diversidade.



- Participar na proposta de organización da atención ao alumnado con NEAE que realiza a persoa orientadora.
- Solicitar á persoa orientadora a avaliación do alumnado que considere, cumprimentando o formulario que se estableza ao efecto.
- Proporcionar a persoa orientadora os datos do alumnado en relación á competencia curricular, estilo de aprendizaxe e integración socioeducativa para a realización das avaliacións deste e outra información que se lle solicítase.
- Proporcionar ás familias, a través das titorías, a información relativa á acción educativa que se desenvolva cos seus fillos/as, de maneira especial cando estes son alumnado NEAE: reforzo educativo, adaptación curricular, apoios, intervencións individualizadas do profesorado de PT/AL, avaliacións psicopedagóxicas..., e solicitar deles as autorizacións e documentación pertinente.
- Coordinar, dentro da súa labor titorial, ao profesorado que intervén nun mesmo grupo de alumnos e alumnas para garantir a coherencia do proceso de ensino e aprendizaxe.

#### **Profesorado de PT:**

- Participar na proposta de atención ao alumnado con NEAE que realiza a persoa orientadora.
- Apoiar ao profesorado do centro na atención á diversidade.
- Intervir directamente có alumnado con NEAE no desenvolvemento da acción educativa.
- Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares e no seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.
- Elaborar, en coordinación có profesorado da área ou materia na que intervén, a planificación da súa acción educativa co alumnado con NEAE.
- Colaborar no seguimento e avaliación do alumnado con NEAE e participar nas sesións de avaliación. Non obstante, a cualificación corresponderalle ao profesorado da área e a decisión de promoción adoptaraa o equipo docente tomando especialmente en consideración a información e o criterio da persoa titora.
- Elaborar, xunto có docente da área, as adaptacións dos materiais didácticos que o alumnado co que intervén precisa para o desenvolvemento do proceso educativo.
- Colaborar coa persoa titora nas relacións cos familias do alumnado ao que imparte docencia.
- Elaborar, coa periodicidade establecida para a realización das avaliacións dos alumnos/as no centro, informe individualizado do alumnado co que intervén que entregará a persoa titora e a Xefatura de Estudos.



- Colaborar coa persoa titora e o profesorado da área na que apoia ao alumnado con NEAE na elaboración dun informe de avaliación para entregar a familia coa periodicidade establecida para as avaliacións do alumnado no centro.
- Participar nas sesións de avaliación.
- Desenvolver aquelas outras funcións que correspondan relacionadas co apoio a este alumnado e outras necesidades do centro.

### **Profesorado de AL:**

- Participar na proposta de atención ao alumnado con NEAE que realiza a Xefatura do DO.
- Apoiar ao profesorado do centro na atención á diversidade.
- Intervir directamente co alumnado con NEAE no ámbito lingüístico no desenvolvemento da acción educativa.
- Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado con problemas de comunicación e/ou linguaxe e no seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.
- Elaborar, en coordinación co profesorado, a planificación da súa acción educativa individual para o alumnado con dificultades na área de audición e linguaxe e na comunicación.
- Colaborar co profesorado na seguimento e avaliación do alumnado co que intervén e participar nas sesións de avaliación.
- Colaborar co profesorado no deseño, desenvolvemento e avaliación na da acción educativa do alumnado con dificultades na área de audición e linguaxe e na comunicación.
- Desenvolver programas de estimulación da linguaxe e prevención de dificultades no último curso de Educación Infantil en colaboración coa persoa titora, en función da súa dispoñibilidade horaria.
- Elaborar, xunto co profesorado, as adaptacións dos materiais didácticos que o alumnado co que intervén precisa no desenvolvemento do proceso educativo.
- Elaborar orientacións para implicar as familias no proceso de mellora da linguaxe.
- Colaborar no deseño, planificación e desenvolvemento dos programas e accións dirixidas a alumnado estranxeiro para a adquisición das linguas oficiais de Galicia .
- Planificar, desenvolver e executar actuacións de reeducación da linguaxe mediante atención individualizada ou en pequenos grupos e colaborar cos equipos docentes na prevención das dificultades.
- Colaborar coa persoa titora na elaboración dun informe de avaliación para entregar a familia coa periodicidade establecida para as avaliacións do alumnado no centro.



- Participar nas sesións de avaliación.
- Desenvolver aquelas outras funcións que correspondan relacionadas co apoio a este alumnado e outras necesidades do centro.

**Persoal auxiliar coidador:**

- Guiar e/ou axudar ao alumnado na realización de actividades de coidado, hixiene e aseo persoal.
- Guiar e/ou axudar ao alumnado na realización de actividades dirixidas á adquisición de hábitos alimentarios e de autonomía na mesa.
- Guiar e/ou axudar ao alumno ou alumna na realización de actividades dirixidas á adquisición de técnicas de orientación, mobilidade, autocontrol en desprazamentos e habilidades da vida diaria.
- Colaborar nos cambios de aula.
- Guiar e/ou axudar ao alumno/a para desprazarse e participar activamente en actividades dentro e fóra do centro, cando as súas condicións o impidan ou o dificulten de forma importante ou supoñan un risco físico evidente.
- Axudar ao alumno/a nas actividades que presentan especial dificultade. Estas deberán estar sempre programadas, supervisadas e valoradas polo profesorado, xa se desenvolvan na aula ordinaria ou en agrupamentos específicos.
- Axudar ao alumno/a na súa integración social: entradas, recreos, comedor, saídas, excursións, etc.
- Colabora co profesorado na vixilancia dos recreos, dos que serán responsables os ditos profesores/as.

**Persoa orientadora:**

- Realizar as oportunas avaliación psicopedagóxicas e os informes correspondentes.
- Informar convenientemente ás familias de todo o referido e recollido nas avaliacións realizadas.
- Facilitar copia dos informes dos seus fillos/as ás familias que así o soliciten, por escrito e a través da Secretaría do centro con selo de entrada e saída.
- Colaborar co profesorado na relación e información as persoas proxenitoras ou titoras legais acerca da NEAE.
- Colaborar e asesorar ao profesorado no desenvolvemento das medidas establecidas no PXAD e no Plan de Convivencia.



- Elaborar a parte formal das adaptacións curriculares incorporando as programacións do profesorado.
- Colaborar coas familias e asesoralas na atención aos seus fillos/as.
- Atender as demandas de avaliación dos alumnos/as realizadas polo profesorado e familias.
- Coordinar, en colaboración co profesorado de apoio, a atención ao alumnado con NEAE.
- Manter relación coas entidades e servizos externos que poidan prestar apoio ao alumnado e/ou familias e orientar estas últimas para beneficiarse dos servizos que prestan.
- Intercambiar, previa autorización das familias, información cos servizos médicos ou asistenciais públicos, colaborando no desenvolvemento do/a alumno/a.
- Participar nas sesións de avaliación para o asesoramento e apoio ao profesorado.

## 8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CENTROS ADSCRITOS

A colaboración entre os profesionais dentro do centro educativo así como cos organismos, centros, entidades...que inciden ou van incidir na educación do alumnado é fundamental para dar unha resposta adecuada á atención á diversidade. Neste proceso de colaboración e coordinación ocupa un apartado especial o mantido coas familias.

Ao longo do curso escolar levaranse a cabo distintas reunións para potenciar a participación e colaboración de todos os axentes implicados no proceso educativo.

### **Mecanismos de coordinación e colaboración internos**

- Reunións de Ciclo.
- Reunións da CCP.
- Reunións mensuais do DO.
- Reunións semanais do DO (persoa orientadora e profesorado de apoio).
- Reunións do Claustro de Profesores.
- Reunións do Consello Escolar.
- Reunións de tutoría coas familias.
- Reunións dos diversos equipos de profesores/as do centro: Equipo TIC, Biblioteca Escolar, Convivencia e Benestar, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e Equipo de Medioambiente, Equipo EDLG.



- Reunións de coordinación co Equipo Directivo: para tratar todos aqueles aspectos puntuais referidos ao Departamento como pode ser establecer aspectos organizativos, elaborar informes segundo as necesidades que vaian xurdindo.
- Reunións de coordinación cos titores e profesorado: realizaranse xuntanzas cos equipos de nivel, profesorado que atende ao alumnado con NEAE, nos momentos que sexan precisos e tendo en conta a dispoñibilidade horaria das persoas titoras.

Nas reunións do DO e CCP recolleranse suxestións e avaliaranse os resultados das medidas adoptadas coa finalidade de realizar seguimento do PXAD. Ademais, o Equipo Directivo nas súas reunións, contemplará o desenvolvemento do plan de atención á diversidade, levando a concreción anual á PXA.

Dentro dos mecanismo de coordinación internos consideramos fundamental facer referencia a dous deles por ser fundamentais:

#### **a) *Coordinación entre EI e EP***

Fomentaranse accións e medidas encamiñadas a favorecer o paso dunha etapa a outra. Ditas medidas serán deseñadas polo profesorado de 2º ciclo de EI e 1º de EP, co asesoramento do DO e a colaboración e participación da Xefatura de Estudos.

Ao remate ou comezo de cada curso escolar (segundo a continuidade do profesorado no centro), realizarase unha reunión de coordinación entre o profesorado de 6º de EI e 1º de EP co fin de colaborar coa avaliación inicial deste último alumnado. A inicios de cada curso demandarase información sobre as necesidades educativas deste alumnado que cambia de etapa dentro do propio centro ou que proceda doutro colexio. A posta en común da información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos informes de fin de ciclo e/ou etapa, tanto da persoa titora como do DO, de ser o caso, formarán parte dese proceso de coordinación.

O paso dunha etapa á outra supón un cambio importante para o alumnado a todos os niveis: cambian o profesorado, os espazos, a distribución do tempo, a metodoloxía de traballo, as rutinas da clase, os materiais e os recursos. Por todo isto, faise necesaria unha articulación que garanta o desenvolvemento progresivo do alumnado sen rupturas ou cambios bruscos, tal como se recolle no *Decreto 155/2022*. Polo tanto, á hora de coordinar o paso dunha etapa á seguinte, o profesorado de EI e de 1º de EP, terán presente que:

- A Programación Didáctica debe ter un formato único en ambas etapas, debe ser elaborada de forma coordinada polos correspondentes equipos de nivel.
- As actividades, os materiais, os recursos, os agrupamentos, os espazos... non sexan moi diferentes, có fin de que se garanta o desenvolvemento e a aprendizaxe de



todo o alumnado, á vez que se presta una atención personalizada en función das necesidades de cada un.

- Para fortalecer e consolidar as aprendizaxes debe existir unha continuidade nos principios metodolóxicos:
- Ambas etapas deben compartir un enfoque globalizador e integrador que presente os coñecementos relativos ás distintas realidades de maneira dinámica e interrelacionada poñendo en conexión e diálogo as diferentes linguaxes expresivas e comunicativas.
- É importante utilizar unha metodoloxía lúdica, baseada na experimentación e que fomenta a capacidade de expresión e comunicación.
- Utilizar as TIC como un recurso para a aprendizaxe.
- En ambas etapas debe facilitarse o desenvolvemento das competencias claves a través de tarefas e actividades integradas, do funcionamento e organización dos centros, das actividades complementarias e extraescolares, a través das actividades docentes, e, sobre todo, a través do fomento da lectura.
- Utilizar un método lecto-escritor común dado que na etapa da EI débense adquirir os fundamentos, habilidades e competencias necesarias que facilitarán o dominio da lectura e a escritura necesario nos primeiros cursos da EP. É tamén importante traballar a conciencia fonolóxica, a correcta aprendizaxe do trazado e unión das letras e o coidado da grafía. Hai que procurar ademais coherencia e conexión na aprendizaxe dos contidos das diferentes áreas curriculares.

#### **b) *Coordinación entre niveis***

Realizárase unha reunión ao inicio do curso de coordinación entre os niveis, na que se trasladará a información máis relevante sobre o alumnado.

Esta información recollerase tamén nos seguintes documentos:

- Expediente académico.
- Historial académico.
- Informe persoal por traslado, se é o caso.
- Informe de avaliación final de ciclo/nivel.
- Informes da persoa orientadora, da profesora de PT e/ou de AL, se é o caso.
- Informes de servizos externos dos que se dispoña.

#### **Mecanismos de coordinación e colaboración externos**





- Servizo de Inspección Educativa.
- Reunións puntuais ou contactos telemáticos con outras entidades: sanitarias (Atención Temperá, Saúde Mental Infanto-Xuvenil...), sociais (Servizo de Menores, Servizos Sociais do Concello, ONG...) e/ou educativas, seguindo o protocolo establecido para cada caso ou servizo concreto.
- Solicitude de asesoramento, información ou intervención do EOE de A Coruña, segundo o procedemento e modelo existente.
- Solicitude de intervención coa UACO.
- Coordinación entre EP e ESO.

### ***Coordinación co centro adscrito (CEIP de Tabeaio)***

O Departamento de Orientación do CEIPP Vicente Otero Valcárcel ten adscrito o CEIP de Tabeaio. Trátase dun centro educativo da mesma localidade, no que se escolarizan alumnos de EI e primeiro ciclo de EP.

A intervención da XDO nese centro realizarase segundo demanda de intervención, cando as necesidades educativas do alumnado así o precisen. A mestra responsable do CEIP de Tabeaio pertence ao DO, polo tanto será convocada ás reunións mensuais do departamento.

O alumnado do CEIP de Tabeaio incorpórase ao noso centro en 3º curso de Educación Primaria e, para facilitar o tránsito dun centro ao outro, realizase unha xornada de acollemento na que o alumnado de Tabeaio visita o CEIPP Vicente Otero Valcárcel, no mes de maio/xuño.

### ***Coordinación entre o centro de adscrición (EP-ESO)***

O CEIPP Vicente Otero Valcárcel está adscrito ao **IES de Carral**. O noso centro en colaboración co IES de Carral preparará o Programa de Tránsito de 6º de EP á ESO que se levará a cabo no último trimestre de 6º de EP. Entre as actividades que se desenvolverán inclúense a visita do alumnado de 6º ao IES, unha charla informativa sobre o tránsito da Primaria á Secundaria para o alumnado e tamén para as súas familias levada a cabo pola persoa orientadora do IES.

Coa finalidade de facilitar o intercambio da información máis relevante sobre o alumnado que finaliza a etapa de EP establecerase unha reunión no mes de xuño, con posterioridade á avaliación final de EP, na que participarán as Xefaturas de Estudos e persoas orientadoras do colexio e do IES e as persoas titoras de 6º de EP. Ademais, como corresponde, enviaremos aqueles informes de avaliación psicopedagóxica do alumnado con NEAE que remata a etapa. Esta reunión terá como principal obxectivo favorecer a coordinación docente entre o centro no que os/as alumnos/as vaian continuar os seus estudos, e establecer accións que favorezan o tránsito dunha etapa á outra. En dita reunión analizarase a traxectoria educativa de cada alumno ou alumna incidindo fundamentalmente no seguinte:



- Principais logros ou dificultades educativas.
- Circunstancias que poden afectar ao seu rendemento escolar: absentismo, pasividade, escaso cumprimento das normas, así como os seus niveles de responsabilidade, autocontrol, motivación, sociabilidade, etc.
- Nivel de competencia curricular aproximado especialmente nas áreas instrumentais.
- Principais necesidades do alumando con NEAE.
- Posibles medidas de atención á diversidade que se desenvolveron e que poidan seguir precisando, así como a eficacia das mesmas.
- Alumnado que cumpra os requisitos para solicitar a Bolsa NEAE.
- Posibles neno/as que poidan solicitar a exención dunha segunda Lingua Estranxeira na ESO.

## 9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS DO CENTRO

As principais canles de colaboración que manterá o centro serán:

### **Colaboración coas persoas proxenitoras ou titoras legais do alumando**

Consideramos aos persoas proxenitoras e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos. Son os principais transmisores de valores, actitudes, hábitos..., que logo repercutirán na vida educativa. Por iso a participación no centro debe ser un instrumento de información e apoio, é dicir, unha unión de esforzos compartidos para aproximar o colexio ao entorno social. As familias participan no centro a través de:

- Reunións canalizadas pola persoa titora.
- Os seus representantes con Consello Escolar.
- A súa representación na Comisión de Convivencia.
- A participación por medio da ANPA.

A persoa titora do menor será o interlocutor ante a familia. En función das demandas e das situacións, cada demandante poderá solicitar a asistencia doutros membros da comunidade educativa (Equipo Directivo, DO...). Toda a información referente ao alumnado é información confidencial, polo que só poderá ser trasladada á familia, organismos oficiais recoñecidos, ou cando cumpra co consentimento expreso desta.

O centro educativo debe facilitar e potenciar as seguintes canles de comunicación e colaboración coa familia:

- Reunións de titoría coas persoas proxenitoras ou titoras legais (tanto a nivel individual como grupal).



- Circulares informativas, de centro e/ou titoría.
- Informes solicitados ao centro polas familias para colaborar con outros servizos públicos na valoración das necesidades educativas do alumnado, segundo o modelo e protocolo establecido.
- Contactos telemáticos con outros servizos externos coa autorización expresa da familia do alumno/a.
- Atención individual do Equipo Directivo no horario establecido ao efecto.
- Atención individual da persoa orientadora nos días que lle corresponde acudir ao centro.

A principio de cada curso realizarase unha reunión de cada persoa titora coas persoas proxenitoras ou titoras legais. Igualmente, todos os *luns de 16:30 a 17:30* o profesorado estará a disposición de calquera proxenitor, ou titor/a que requira manter unha entrevista co profesorado, sempre con cita previa.

Procurarase lograr a implicación das familias para reforzar aqueles aspectos que se consideran necesarios de forma xeral (lectura, escritura, operacións...). No caso de alumnos/as con NEAE buscarase a colaboración co fin de unificar as actuacións.

Tamén se solicitará a colaboración das familias ao comezo da escolarización en 4º de EI. Deberán cubrir un cuestionario sobre a autonomía dos seus fillos e fillas, sobre os hábitos conseguidos, datos que permitirán facer unha avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización. O mesmo pode acontecer cos nenos e nenas de nova matrícula no centro.

O procedemento ordinario de información ás familias son os informes trimestrais de avaliación. En liñas xerais, os proxenitores ou titores dos alumnos recibirán información escrita e trimestralmente sobre a evolución e a asistencia ás clases dos alumnos/as.

Enténdese por absentismo *"a ausencia ao centro escolar e sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Esta ausencia ao centro suporá, cando menos, un 10% do horario lectivo mensual"* (art. 22, Decreto 229/2011). Seguirase o control de absentismo escolar seguindo a base do *"Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar"* (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

O control do absentismo realizarase da seguinte maneira:

- As persoas titoras teñen a obriga de controlar e rexistrar as incidencias que teñan que ver coa asistencia do alumnado ao centro. As persoas titoras rexistraranas na aplicación XADE e as familias deberán xustificalas vía documento acreditativo, ben sexa da cita médica ou outros.



- Comunicado das persoas titoras á familia en caso de faltas reiteradas e inxustificadas antes de apertura de expediente por absentismo.
- Se procede, traslado da información á Dirección e apertura do expediente de absentismo. Notificación aos Servizos Sociais do Concello e a ao Servizo de Inspección Educativa.

### **Colaboración cos servizos externos do centro**

Colaboraremos cos servizos sociais, sanitarios, educativos, EOE e asociacións/fundación (ONCE, ASPANAES...) da zona que traballen co alumnado do centro co obxectivo de intercambiar a información necesaria para facilitar a súa atención e das súas familias.

O DO encargarse de difundir e xestionar as solicitudes de Bolsas para o alumnado con NEAE convocadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (período de agosto-setembro). Solicitarase a colaboración dos Servizos Sociais para a tramitación de axudas ao alumnado máis desfavorecido socialmente.

## **10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

As medidas extraordinarias de atención á diversidade figuran recollidas no punto 5 deste PXAD, e para se produza este tipo de atención é preciso ter aplicado antes medidas de carácter ordinario e resultar estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria autorización da Dirección do centro, do Servizo de Inspección, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. A Consellería con competencia en materia de educación establecerá os procedementos para as oportunas autorizacións (art. 9 do *Decreto 229/2011*).

O procedemento para a realización de Avaliación Psicopedagóxica será:

1. Comunicado da persoa titora á Xefatura do DO das dificultades do alumno/a e cumprimento dunha folla de derivación por parte do titor/a e doutros especialistas que interveñen con ese neno/a.
2. Autorización das persoas proxenitoras ou titoras legais: a persoa titora informará ás familias das dificultades detectadas (podendo contar coa colaboración do DO) e solicitará autorización para a exploración psicopedagóxica. No caso de que non autorizen a valoración directa, daráselle ao profesorado as pautas de actuación oportunas para ese alumno ou alumna. Se o caso revestise especial gravidade e a familia non dese a súa autorización para avalialo, o DO, a Dirección do centro ou Inspección poderán solicitar a intervención do EOE.



3. Observación do alumno/a en distintos contextos escolares e posteriormente valoración por parte do persoa orientadora.
4. Informar a persoa titora, a Xefatura de Estudos e á familia das dificultades detectadas no menor e das medidas de intervención e de atención á diversidade que se levarán a cabo. A familia deberá manifestar por escrito a súa conformidade ou non coa medida extraordinarias propostas.
5. Concretar cos profesionais implicados as posibles actuacións e adaptacións a realizar con ese alumnado, así como do seu seguimento.

Este proceso será flexible, podendo adaptarse ás características de cada caso. É tamén un proceso conxunto co profesorado partindo da información que posúa do alumando. A partir da avaliación psicopedagóxica determinarase as medidas a adoptar.

Os resultados e conclusión da avaliación psicopedagóxica recollerase no informe psicopedagóxico que terá carácter confidencial e xuntarase á documentación que conforma o expediente académico do alumno/a. Os datos reflectidos nos mesmos non son absolutos nin permanentes xa que se refiren a un momento e situación concreta dentro do proceso evolutivo do neno/a.

## 11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O seguimento e a avaliación de todos os elementos do Plan constitúen un proceso básico no axuste e na mellora da atención á diversidade. O presente PXAD caracterízase por ser un documento flexible e aberto ás modificacións que xurdan, tanto desde a Administración Educativa como das propias circunstancias do centro.

O seguimento do PXAD farémolo trimestralmente despois de coñecer os resultados de cada avaliación y tamén de forma continua nas diversas reunións do DO, da CCP, do Equipo Directivo...

Os instrumentos destinados á recollida da información contemplarán aspectos de tipo cuantitativo e obxectivables e de tipo cualitativo. Poderanse empregar os diversos instrumentos como: observación, probas de avaliación, producións do alumno ou alumna, entrevistas, diarios, rexistros, cuestionarios, probas estandarizadas...Esta avaliación realizarase tendo en consideración:

- Datos dos diferentes niveis.
- Datos aportados polo profesorado de apoio (PT e AL) e polo profesorado responsable dos reforzos educativos.
- Datos aportados polo Equipo Directivo.
- Datos aportados polas familias.



- Datos aportados pola persoa encargada da Orientación.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os seguintes criterios de avaliación:

1. A realización das actuacións previstas.
2. O grao de satisfacción das necesidades.
3. A adecuación das actividades ás necesidades dos destinatarios.
4. A resposta á diversidade.
5. O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
6. A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
7. A relación cos axentes externos.
8. O grao de participación das persoas implicadas.
9. O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
10. A adecuación dos recursos dispoñibles.

Ao final de cada curso, o DO elaborará unha Memoria do PXAD, incluíndo propostas de mellora e tendo en conta os datos aportados polos distintos membros da comunidade educativa. Esta memoria incorporárase á memoria do DO e, en consecuencia, á Memoria Anual do Centro e debe servir de indicador para posibles modificacións e melloras. Ademais, estas propostas de mellora servirán de partida para a realización da Concreción Anual do Plan Anual de Atención á Diversidade do próximo curso.



## ANEXOS

Anexo 1. Protocolo de demanda de intervención do departamento de orientación

Anexo 2. Conformidade para a realización da avaliación psicopedagóxica.

Anexo 3. Autorización de intervención educativa.

Anexo 4. Entrevista inicial coa familia por parte do Departamento de Orientación

Anexo 5. Conformidade da flexibilización en Educación Primaria.

Anexo 6. Informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo (RE).

Anexo 7. Plan específico de reforzo.

Anexo 8. Informe individual final de curso sobre as medidas de apoio educativo.



## Anexo 1. Protocolo de demanda de intervención do departamento de orientación.

*No proceso de avaliación do alumno/a que se solicita, é necesario a túa colaboración sobre os puntos que se indican máis abaixo polo contacto que mantés diariamente có mesmo. Se desexas engadir máis información, podes achegar un folio.*

### Datos da persoa demandante:

Nome: \_\_\_\_\_

Titoría: \_\_\_\_\_

Materia ou materias que imparte: \_\_\_\_\_

Curso: \_\_\_\_\_

### Datos persoais do menor:

Nome: \_\_\_\_\_

Curso: \_\_\_\_\_ Idade: \_\_\_\_\_

Data de nacemento: \_\_\_\_\_

Nome da persoa proxenitora: \_\_\_\_\_

Nome da persoa proxenitora: \_\_\_\_\_

Nº de irmáns: \_\_\_\_\_ Lugar que ocupa: \_\_\_\_\_

Familiares que conviven co menor: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Teléfonos de contacto: \_\_\_\_\_

### Datos psicobiolóxicos:

Presenta algún problema de visión ou de audición? \_\_\_\_\_ Cal? \_\_\_\_\_

Alteracións físicas ou algún outro problema de saúde: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_





## Datos do ámbito escolar:

*Antecedentes escolares:* (colexios anteriores, cursos repetidos, apoios recibidos,...)

*Motricidade:* locomoción, coordinación corporal, motricidade grosa, motricidade fina, esquema corporal, lateralidade,.....

*Capacidade en:* linguaxe, comprensión de ideas, memoria, atención, resolución de problemas, conceptos básicos,.....

*Autoestima:* confianza nas súas posibilidades, iniciativa, tolerancia ante a frustración,.....



*Relacións Interpersoais:* relación con outros nenos ou nenas no traballo e no xogo, actitude de pasividade, submisión e liderado, relación coa mestra, co adulto,.....

*Adaptación escolar:* adaptación ao ritmo e normas da escola.

***Nivel de competencia curricular (competencias adquiridas):***

*Área de Lingua Castelá:*

*Área de Lingua Galega:*

*Área de Matemáticas:*

*Outras áreas:*



*Outros datos de interese a destacar:*

**Motivo fundamental da demanda:**

Medidas de Reforzo Educativo, ou outras medidas de atención á diversidade, tomadas ata o momento:

Que percepción crees que ten a familia do problema?



## Outras Observacións:

## Acreditación da información á familia:

Achégase a este documento a declaración de ser coñecedores do proceso de avaliación psicopedagóxica, asinada pola familia do alumno ou da alumna, amosando a súa conformidade coa mesma.

Carral, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura demandante

Sinatura Xefatura do DO

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_



## Anexo 2. Conformidade para a realización da avaliación psicopedagóxica.

Don/Dona \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_ e

Don/Dona \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_ en calidade de persoas proxenitoras ou titoras legais do menor \_\_\_\_\_

Declaramos ter sido informados/as de que se lle vai realizar unha avaliación psicopedagóxica ao noso/a fillo/a para determinar, no caso que corresponda, as súas necesidades específicas de apoio educativo e poder dar a resposta máis axeitada ás mesmas.

Asinamos o presente documento amosando **a nosa conformidade** con que o noso fillo ou filla sexa avaliado/a polo Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel.

En Carral, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Sinatura proxenitor/a

Sinatura proxenitor/a

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_



**Anexo 3. Autorización de intervención educativa.**

Don/Dona \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_ e

Don/Dona \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_ en calidade de persoas proxenitoras ou titoras legais do menor \_\_\_\_\_

de \_\_\_\_\_ curso, despois de ser informado/a pola persoa titora e/ou polo Departamento de Orientación da necesidade de apoiar o proceso de ensino-aprendizaxe do noso fillo ou filla, durante o curso 20\_\_/20\_\_

**AUTORIZO**

**NON AUTORIZO**

**A que reciba apoio, dentro e/ou fora da aula ordinaria, por parte do profesorado especialista en:**

**AUDICIÓN E LINGUAXE**

**PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

En Carral, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_.

Sinatura proxenitor/a

Sinatura proxenitor/a

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_



## Anexo 4. Entrevista inicial coa familia por parte do Departamento de Orientación

<b>DATA</b>		<b>ASISTENTES</b>	
<b>DATOS PERSOAIS, FAMILIARES E ESCOLARES DO MENOR</b>			
<b>NOME</b>	<b>IDADE</b>	<b>DATA NACEMENTO</b>	<b>CURSO</b>
<b>ENDEREZO</b>			
<b>TLF.</b>			
<b>NOME DO PROXENITOR/A:</b>			
<b>IDADE E PROFESIÓN:</b>			
<b>NOME DO PROXENITOR/A:</b>			
<b>IDADE E PROFESIÓN:</b>			
<b>Nº IRMÁNS:</b>		<b>LUGAR QUE OCUPA:</b>	
<b>OUTROS FAMILIARES QUE CONVIVAN CO MENOR:</b>			
<b>EXPECTATIVAS FAMILIARES:</b>			
<b>DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE</b>			
<b>EMBARAZO E PARTO</b>			
<b>IDADE DA NAI NO MOMENTO DO EMBARAZO:</b>			
<b>HOUBO PROBLEMAS NO EMBARAZO?</b>			



<b>TOMOU MEDICACIÓN?</b>
<b>TIPO DE PARTO E LUGAR.</b> <b>PROBLEMAS?</b> <b>CANTO PESOU?</b>
<b>OBSERVACIÓNS:</b>
<b>DATOS DE SAÚDE</b>
<b>PROBLEMAS DE ALIMENTACIÓN?</b>
<b>ASISTE CON FRECUENCIA AO MÉDICO?</b>
<b>ENFERMIDADES QUE PADECEU (sarampelo, rubéola, varicela, alerxias, gripes...):</b>
<b>ESTIVO HOSPITALIZADO?</b>
<b>PROBLEMAS CO SONO?</b>
<b>PROBLEMAS DE VISIÓN OU DE AUDICIÓ?</b>
<b>PROBLEMAS NEUROLÓXICOS? (Dor de cabeza, vómitos...)</b>
<b>FOBIAS (ESCRURIDADE, ANIMAIS, OUTROS...):</b>
<b>CRISES EPILÉPTICAS?</b>
<b>ENFERMIDADES CRÓNICAS E/OU PADECIDAS?</b>





<b>OUTROS DATOS DE SAÚDE:</b>
<b>HISTORIA DO DESENVOLVEMENTO</b>
<b>CANDO COMEZOU A ANDAR?</b>
<b>PROBLEMAS NA MARCHA?</b>
<b>CANDO COMEZOU A FALAR?</b>
<b>LINGUAXE CLARA E CORRECTA?</b>
<b>EVOLUCIÓN DA MESMA?</b>
<b>PROBLEMAS NA FALA?</b>
<b>AUTONOMÍA Á HORA DE COMER?</b>
<b>AUTONOMÍA Á HORA DE VESTIRSE?</b>
<b>CONTROL DE ESFÍNTERES:</b> <b>Defecación:</b> <b>Micción diúrna:</b> <span style="float: right;"><b>nocturna:</b></span>
<b>DURME SÓ/SOA? DENDE QUE IDADE?</b>
<b>QUE MAN USA PREDOMINANTEMENTE? DIESTRO OU ZURDO?</b>
<b>DATOS PSICOSOCIAIS</b>
<b>DIFICULTADES POR PARTE DA FAMILIA NO ÁMBITO EDUCATIVO?</b>



<b>DIFICULTADES NO XOGO COS OUTROS?</b>
<b>PROBLEMAS DE CONDUCTA ALIMENTARIA?</b>
<b>COMO É O SEU CARÁCTER? IMPULSIVIDADE? AUTOCONTROL?</b>
<b>MANTÉN A ATNECIÓN DE MANEIRA CONTINUADA?</b>
<b>COUSAS QUE LLE GUSTA FACER:</b>
<b>É HÁBIL Á HORA DE REALIZAR TAREFAS QUE IMPLIQUEN UN ALTO CONTROL MOTOR? (TRABALLOS DELICADOS) E ACTIVIDADES DE BAIXO CONTROL?</b>
<b>QUE COUSAS O ENFANDAN?</b>
<b>COMO É A SÚA REACCIÓN ANTE OS PROBLEMAS?</b>
<b>XOGA COS SEUS IGUAIS? COMO?</b>
<b>XOGA COS DA SÚA IDADES? MAIORES? MAIS PEQUENOS?</b>
<b>TARDOU EN APRENDER A ANDAR EN BICICLETA? E A SALTAR? E A LANZAR E RECOLLER OBXECTOS?</b>



<b>EXCÍTASE CON FACILIDADE AO XOGAR?</b>
<b>NOS SEUS XOGOS, É ENÉRXICO DE MÁIS OU ACALORADO/A?</b>
<b>TRAZOS DE PERSONALIDADE:</b>  <i>Autónomo/dependente, ordenado/desordenado, agarimoso/áspero, tímido/aberto, seguro/inseguro, obediente/desobediente, decidido/indeciso, sincero/mentireiro, inqueda/tranquilo, agresivo/dócil, ditador/submiso, alegre/triste, teimado/compracente, sociable/solitario, falador/reservado, emotivo/insensible, atento/distraído, vital/decaído, tranquilo/nervioso, responsable/irresponsable, xeneroso/egoísta, outras calidades.</i>
<b>INTERESES:</b>
<b>DATOS ESCOLARES</b>
<b>CO RENDEMENTO ESCOLAR DO MENOR ESTÁN:</b>  <input type="checkbox"/> MOI SATISFEITOS <input type="checkbox"/> NORMAL <input type="checkbox"/> POUCO SATISFEITOS
<b>SE PENSAN QUE RENDE POR DEBAIXO DAS SÚAS POSIBILIDADES, A QUE CREN QUE PODE DEBERSE?</b>
<b>COMO REACIONOU O MENOR ANTE OS RESULTADOS ACADÉMICOS DO CURSO ANTERIOR?</b>  <input type="checkbox"/> CON SATISFACCIÓN <input type="checkbox"/> CON INDIFERENZA <input type="checkbox"/> CON PREOCUPACIÓN <input type="checkbox"/> QUEIXÁNDOSE DOS PROFESORES
<b>CAL FOI A ACTITUDE DA FAMILIA ANTE AS NOTAS?</b>  <input type="checkbox"/> ESTIVERON DE ACORDO <input type="checkbox"/> MOSTRÁRONSE INDIFERENTES



CONSIDERÁRONAS XUSTAS

**COMO CONSIDERAN QUE É O DESENVOLVEMENTO DO SEU FILLO/A?**

É COMÚN

POR ENCIMA DA MEDIA

POR DEBAIXO DA MEDIA

**COMO CONSIDERAN QUE É O RENDEMENTO ESCOLAR DO SEU FILLO/A?**

RENDE TODO O QUE PODE

RENDE POR DEBAIXO DAS SÚAS POSIBILIDADES

**HÁBITOS DE ESTUDO:**

Ten un sitio propio para estudar?

Ten horario fixo de estudio?

Cumpre o estudio habitualmente?

Canto tempo dedica diariamente ao estudio?

Supervisa alguén o seu traballo?

Pide explicacións ou axuda cando estudio?

Para estudar hai que forzalo ou ponse a estudar sen dicirlle nada?

**CREN QUE O SEU FILLO/A ESTÁ A GUSTO NA ESCOLA?**

**INICIO DE ESCOLARIDADE? IDADE?**

**GÚSTALLE IR AO COLEXIO?**

**INTEGRACIÓN COS COMPAÑEIROS/AS:**

**REPETIU ALGÚN CURSO? CAL?**





<b>XOGOS E DEPORTES PREFERIDOS:</b>
<b>ASIGNATURAS REXEITADAS? E AS QUE MAIS LLE GUSTAN?</b>
<b>OUTROS ASPECTOS DE INTERESE:</b>

En Carral, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Sinatura proxenitor/a

Sinatura proxenitor/a

Asdo.:\_\_\_\_\_

Asdo.:\_\_\_\_\_



## Anexo 5. Conformidade da flexibilización en Educación Primaria.

Don/Dona \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_ e

Don/Dona \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_ en calidade de persoas proxenitoras ou titoras legais do menor \_\_\_\_\_

Unha vez informados debidamente do proceso, **DAMOS A NOSA CONFORMIDADE** para que se leve a cabo o proceso de flexibilización da escolarización do noso fillo/a na etapa de Educación Primaria.

Carral, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 20\_\_\_\_

Sinatura proxenitor/a

Sinatura proxenitor/a

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_



**Anexo 6. Informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo (RE).**

CURSO:	
DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:	
APELIDOS E NOME:	DATA DE NACEMENTO:
ETAPA: <input type="checkbox"/> Infantil <input type="checkbox"/> Primaria      CICLO: 1º   2º   3º	NIVEL/GRUPO:
<b>ÁREAS OU MATERIAS</b>	
<b>DATOS DO PROFESORADO DA ÁREA OU MATERIA</b>	
APELIDOS E NOME:	
<b>DATOS DO REFORZO EDUCATIVO</b>	
Data de comezo:	Data de remate:
<b>DESCRIBIÓN DAS MEDIDAS DESENVOLVIDAS</b>	
a) Cal foi o motivo?	
<input type="checkbox"/> Dificultades na lectura. <input type="checkbox"/> Dificultades na escritura. <input type="checkbox"/> Dificultades na comprensión. <input type="checkbox"/> Dificultades na expresión. <input type="checkbox"/> Dificultades na memoria. <input type="checkbox"/> Dificultades no cálculo. <input type="checkbox"/> Dificultades no razoamento. <input type="checkbox"/> Inquietude motora.	<input type="checkbox"/> Dificultades motrices. <input type="checkbox"/> Dificultades para manter a atención. <input type="checkbox"/> Dificultades a nivel familiar/persoal. <input type="checkbox"/> Falta de hábitos de traballo. <input type="checkbox"/> Desorganización. <input type="checkbox"/> Dificultades nas habilidades sociais. <input type="checkbox"/> Outras (especificar):



b) En que consistían? (Breve descripción)

c) Con que frecuencia se presentaban? (Temporalización)

d) Cando as realizaba a alumna ou o alumno?

e) Quen lle axudaba? (Profesorado con dispoñibilidade horaria)

f) Como se avaliaban? (corruxían)

## VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DO REFORZO EDUCATIVO

Acadáronse os obxectivos previstos nelas.

Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

## PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE

Considérase necesaria a continuidade da medida de reforzo educativo nesta área/materia.

Desaconséllase a continuidade da medida de reforzo educativo nesta área/materia.

Carral, ..... de ..... de 20 .....

A persoa titora,

O docente que realizou o reforzo,

Asdo. \_\_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_





**Anexo 7. Plan específico de reforzo.****PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO**

(Art. 50 da Orde do 8 de setembro de 2021)

Data: .....

Curso 20.... / 20....

**CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel**

**a) Identificación da alumna ou do alumno.**

**NOME E APELIDOS:**

**DATA DE NACEMENTO:**

**ETAPA:**

**NIVEL:**

**GRUPO:**

**Persoa titora:**

**b) Necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.****c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.**

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumno/a.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia.
- Reforzo educativo.
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Outras (Indicar cales):

**d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no desenvolvemento do Plan.**



**e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do Plan.**

**f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.**

**g) Acreditación da información á familia.**

Carral, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

A PERSOA TITORA

Asdo. \_\_\_\_\_



## Anexo 8. Informe individual final de curso sobre as medidas de apoio educativo.

CURSO: \_\_\_\_\_

### DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

APELIDOS: \_\_\_\_\_ NOME: \_\_\_\_\_

DATA DE NACEMENTO: \_\_\_\_\_

ETAPA:  Infantil: NIVEL: \_\_\_\_\_

Primaria: CICLO:  1º  2º  3º

NIVEL: \_\_\_\_\_ GRUPO: \_\_\_\_\_

### DATOS DO PROFESORADO:

APELIDOS: \_\_\_\_\_ NOME: \_\_\_\_\_

ESPECIALIDADE:  PT  AL

### DATOS DAS MEDIDAS DE APOIO:

ÁREA/S OU MATERIA/S EN QUE RECIBIU APOIO: \_\_\_\_\_

DATA DE COMEZO DO APOIO: \_\_\_\_\_ DATA DE REMATE DO APOIO: \_\_\_\_\_

HORARIO SEMANAL E MODALIDADE DO APOIO REALIZADO (especifíquese día/s da semana, horario e modalidade, dentro da aula ordinaria e fóra dela):

.....  
.....  
.....  
.....

### DESCRIBIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO:

#### a) Tipo de tarefas realizadas:

.....  
.....  
.....  
.....

#### b) Principais materiais usados:

.....  
.....  
.....  
.....



**c) Horario ou frecuencia de coordinación co profesorado da área ou da materia:**

.....  
.....  
.....  
.....

**d) Horario ou frecuencia de coordinación coa persoa titora:**

.....  
.....  
.....

**e) Como se avaliaron as medidas de apoio?**

.....  
.....  
.....

**VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE APOIO:**

- Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
- Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

**PREVISIÓN PARA O CURSO PRÓXIMO** (indíquese se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, pode verse beneficiada/o ou non por unhas medidas regulares de apoio educativo, en que área ou materia, mediante que modalidade –dentro da aula ordinaria, fóra dela ou mixta –e número de horas semanais):

.....  
.....

Carral, a ..... de ..... de 20 .....

Xefatura do Departamento de Orientación,

A persoa docente que realizou o apoio

Asdo.: .....

Asdo.: .....

